



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

**(ACTA NÚMERO 48)**

**Presidente:**

D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretario:**

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de novembro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Argelio Fernández Queipo, D. Álvaro Santos Ramos e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de novembro de dous mil dezaeito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN DE TRABADA E RIBADEO.**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación de prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención de Trabada e Ribadeo.

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación de Fomento, Benestar e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



**1º.-** Aprobar a contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Trabada e Ribadeo; dividido en lotes (lote 1, Centro de Atención a Maiores de Trabada e lote 2, Centro de Atención a Maiores de Ribadeo), coa posibilidade de presentar oferta integradora e na modalidade de tramitación anticipada.

**2º.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación e execución da contratación sinalada no parágrafo anterior.

**3º.-** Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante desta Deputación Provincial (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e demais publicacións obrigatorias.

**4º.-** Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 4.283.378,28 euros, sobre os que se aplicará un IVE do 4% 171.335,13 euros, o que fai un total de 4.454.713,41 euros. O contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE	LOTE 1-TRABADA	LOTE 2-RIBADEO
2019	1.253.026,00 €	587.746,00 €	665.280,00 €
2020	1.278.821,39 €	599.562,19 €	679.259,20 €
2021	1.304.540,82 €	612.231,92 €	692.308,90 €
2022	618.325,20 €	290.015,97 €	328.309,23 €
TOTAL	4.454.713,41 €	2.089.556,08 €	2.365.157,33 €

**5º.-** Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, ao iniciarse a súa execución no exercicio 2019, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (provinciais e municipais).

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2019, 2020, 2021 e 2022, conforme ao cadro anteriormente amentado.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICO ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos”.

Resultando que os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Cooperación e Asistencia aos Concellos e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a contratación da “Realización de inventarios e informes técnico económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos”.



2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante desta Deputación Provincial (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento ou base de licitación que ascende á cantidade de 218.958,30 € aos que se aplicará un IVE do 21 %, 45.981,24 €, o que fai un total de 264.939,54 €, e o gasto por este mesmo importe.

Para afrontar as obrigas que se deriven da presente contratación financiaranse con cargo ao orzamento de gastos do 2018.

**4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL”.**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos servizos de vixilancia e seguridade dos distintos edificios e dependencias desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que o anuncio de licitación foi publicado o día 7 de xullo de 2018 no Perfil do Contratante desta Deputación Provincial (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) no BOP de Lugo nº 155 de 7 de xullo de 2018, e no Diario Oficial da Unión Europea o día 7 de xullo de 2018.

Logo de ver as actas da mesa de contratación de 7 de xullo, 7 de setembro, 2, 9 e 29 de outubro de 2018, así como a Resolución da Presidencia de 6 de novembro de 2018; vistos así

mesmo os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Rexistro Xeral, de Vixilancia e Portería e de Intervención, e tendo en conta a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar á empresa ILUNION SEGURIDAD, S.A. o contrato do servizo de “Vixilancia e seguridade dos distintos edificios e dependencias desta Excma. Deputación Provincial”, por importe de 2.889.544,92 euros aos que se engadirán 606.804,43 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.496.349,35euros, de acordo cos termos ofertados na súa proposta económica que se indican a continuación:

EMPRESA	PREZO para 3 anos sen IVE incluído)	PREZO para 3 anos (IVE incluído)	BOLSA HORAS (3anos) -Mínimas obrigatorias. -Ofertadas a maiores como mellora.	MELLORAS SALARIAIS	FORMACIÓN -Mínimas obrigatorias. -Ofertadas a maiores como mellora.
ILUNION SEGURIDAD S.A.	2.889.544,92	3.496.349,35	-3.000 horas obrigatorias + -3.000 horas de mellora (13,50euros/hora con IVE)	27,79euros/mes sobre o salario base e por 15 pagas	-20 horas/ano obrigatorias + -20 horas/ano de mellora

O contratista virá obrigado ao cumprimento íntegro da súa oferta económica e técnica presentada en relación aos criterios obxecto de adxudicación, que terán carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 221.1.f) da LCSP, e polo tanto terá esta condición as seguintes obrigas:

a) *En aplicación do artigo 130 da LCSP o adxudicatario subrogarase nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente o servizo na Deputación Provincial de Lugo polo que os traballadores adscritos á empresa saínte pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria segundo se dispón no Convenio Colectivo para o sector das empresas de seguridade, Resolución de 19 de xaneiro de 2018, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo estatal para as empresas de seguridade, período 2017-2020 (BOE de 1 de*



febreiro de 2018).A estes efectos (acompañase a este prego como Anexo XIII unha relación dos traballadores actuais deste servizo, centro de traballo e data de antigüidade).

b) O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario, como fomento da contratación indefinida e calidade do emprego, segundo criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego.

c) O cumprimento das melloras ofertadas pola adxudicataria como proposta de organización e execución das prestacións.

d) A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que interveñen no servizo da vixilancia e seguridade. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura emitida por cada centro que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto no apartado precedente corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

Esta determinación é operativa a efectos de aplicar, de ser o caso, a causa de resolución contractual prevista no artigo 211.1 letra i da LCSP.

2º.- Ter o contrato unha duración máxima de vixencia de tres anos, a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, que se realizará unha vez feitos os trámites precisos para a subrogación do persoal.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso prodúzase ao menos con dous meses de antelación a finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obrigaón de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses, todo isto de conformidade con lo disposto no apartado 2 do artigo 29 LCSP.

**3º.-** Determinar que a financiación das cantidades correspondentes ás anualidades do 2.018, 2019 e 2020 quedan supeditadas á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Os créditos precisos para este contrato financiaranse con cargo ao orzamento xeral e nas anualidades que se indican a continuación:

PAZO PROVINCIAL	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	265.256,37
2020	265.256,37
2021	265.256,37
SUMA	795.769,11
PAZO DOS DEPORTES	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	215.491,66
2020	215.491,66
2021	215.491,66
SUMA	646.474,98
SANTA MARIA	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	229.593,60
2020	229.593,60
2021	229.593,60
SUMA	688.780,80
MUSEO PROVINCIAL	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	287.633,01
2020	287.633,01
2021	287.633,01
SUMA	862.899,03
MUSEO PAZO DE TOR	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	108.969,55
2020	108.969,55
2021	108.969,55
SUMA	326.908,65





SEGURIDADE E VIAVILIDADE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	35.895,86
2020	35.895,86
2021	35.895,86
SUMA	107.687,58
BOLSA MINIMA DE HORAS	
ANUALIDADE	IMPORTE
2019	22.609,74
2020	22.609,73
2021	22.609,73
SUMA	67.829,20
TOTAL CONTRATO	3.496.349,35

4º.- Publicar na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web desta Deputación Provincial, no menú servizos-perfil do contratante. (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar ós interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 63 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houberse interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SARRIA SOLICITANDO UNHA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2017 foron aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 e na sesión extraordinaria de data 16 de xuño de 2017 foi aprobado dito Plan. Nas devanditas bases estableceuse que todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno, en data 26 de outubro de 2018, acordouse que as solicitudes de prórrogas para execución e xustificación dos investimentos incluídos no Plan Único 2017 feitas dentro do prazo indicado nas bases, pero recibidas nesta Deputación con posterioridade a esta data (31 de outubro de 2018) poidan ser autorizadas pola propia Xunta de Goberno inda que o acordo sexa con posterioridade ao 31 de outubro de 2018.

O Concello de Sarria incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

SARRIA	227	IDENTIFICACIÓN	EXECUCIÓN DE OBRAS DE PEONALIZACIÓN E MELLORA COMERCIAL DA RUA DIEGO PAZOS			
		FINANCIACIÓN	237.500,00	71.110,40	308.610,40	X
	228	IDENTIFICACIÓN	EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE PISTA DE TENIS NA RÚA CASTELAO			
		FINANCIACIÓN	20.900,00	1.100,00	22.000,00	X
	229	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA TARIMA DE ESCENARIO			
		FINANCIACIÓN	38.000,00	2.000,00	40.000,00	X
	230	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL INVENTARIABLE PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARMEN DE SARRIA (MENAXE, VAIXELA E MOBILIARIO)			
		FINANCIACIÓN	57.000,00	3.000,00	60.000,00	X
	231	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO CON GRÚA PARA OS SERVIZOS ELÉCTRICOS MUNICIPAIS			
		FINANCIACIÓN	19.000,00	1.000,00	20.000,00	X
	232	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS PARA O PARQUE DE O CHANTO			
		FINANCIACIÓN	14.250,00	750,00	15.000,00	X
	233	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN PROGRAMA INFORMÁTICO DE XESTIÓN PARA O MATADOIRO DE SARRIA			
		FINANCIACIÓN	8.550,00	450,00	9.000,00	X
	234	IDENTIFICACIÓN	ELABORACIÓN DUN PLAN DE MOBILIDADE E ESPAZOS PÚBLICOS PARA A VILA DE SARRIA			
		FINANCIACIÓN	7.600,00	400,00	8.000,00	X
235	IDENTIFICACIÓN	SUBMINISTRACIÓN DUN CAZO LIMPA CUNETAS PARA A RETRO-EXCAVADORA MUNICIPAL				
	FINANCIACIÓN	3.800,00	200,00	4.000,00	X	



Resultando que a Alcaldía do Concello de Sarria, a través de escrito de 14 de novembro de 2018 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que se indican, segundo xustificación que consta no expediente.

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
EXECUCIÓN DE OBRAS DE PEONALIZACIÓN E MELLORA COMERCIAL DA RUA DIEGO PAZOS	SARRIA	15-12-2018	15-12-2018
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL INVENTARIABLE PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARMEN DE SARRIA (MENAXE, VAIXELA E MOBILIARIO)		15-12-2018	15-12-2018

Logo de ver os informes do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sarria e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos indicados, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a xustificación do mesmo nas datas indicadas:

INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
EXECUCIÓN DE OBRAS DE PEONALIZACIÓN E MELLORA COMERCIAL DA RUA DIEGO PAZOS	SARRIA	15-12-2018	15-12-2018
SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL INVENTARIABLE PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARMEN DE SARRIA (MENAXE, VAIXELA E MOBILIARIO)		15-12-2018	15-12-2018

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sarria para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

**6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE LUGO RELATIVO Á APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 foron aprobadas as Bases Regulatoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 e na sesión extraordinaria de data 16 de xuño de 2017 foi aprobado dito Plan

Tendo en conta que o Concello de Lugo, achegou os correspondentes anexos III ou IV, no que se indican a baixa producida na licitación dos investimentos incluídos no Plan Único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican.

O Concello de Lugo presentou Anexo III das obras incluídas no amentado Plan relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
118	PAVIMENTACIÓN DE RÚAS FILGUEIRO, MESTRE MÉNDEZ, DA SILVA, MAZAIRA, DAS PÍAS E TRAMO DE RÚA CASAS VELLAS	20.599,55€
119	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NAS RÚAS FONMIÑA E PIÑEIRAL	36.651,08€
120	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA FLOR DE LIS	22.225,20€
121	PAVIMENTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN URBANIZACIÓN BELLAVISTA	43.195,12€
122	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NAS RÚAS DA XESTA E DO FREIXO	35.385,08€

Tendo en conta que por escrito de data 22 de febreiro de 2018 o Concello solicitou a aplicación destas baixas nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican, sendo aprobadas pola Xunta de Goberno en data 9 de marzo de 2018.

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN SAAMASAS	43.195,12€	61.044,19€	104.239,31€
PAVIMENTACIÓN EN RONDA REPÚBLICA ARGENTINA	88.018,14€	8.251,20€	96.269,34€
PAVIMENTACIÓN EN AV. DE GARABOLOS	26.842,77€	2.516,35€	29.359,11€



Tendo en conta que o Concello de Lugo de data 8 de agosto de 2018, solicita que se corrixa o importe total da obra de Ampliación da rede de saneamento en Saamasas, xa que o proxecto resultou de importe inferior ao previsto, co desglose que se indica:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN SAAMASAS	43.195,12€	35.748,69€	78.943,81€

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2018 foi concedida ao Concello de Lugo, para a obra sinalada, prórroga para executar e xustificar os investimentos segundo se indica:

INVESTIMENTO	CONCELLO	PROG. EXECUCIÓN	PROG. XUSTIFICACIÓN
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN SAAMASAS	LUGO	14-12-2018	14-12-2018
PAVIMENTACIÓN EN RONDA REPÚBLICA ARGENTINA		14-12-2018	14-12-2018
PAVIMENTACIÓN EN AV. DE GARABOLOS		14-12-2018	14-12-2018
PAVIMENTACIÓN DE RÚAS FILGUEIRO, MESTRE MÉNDEZ, DA SILVA, MAZAIRA, DAS PÍAS E TRAMO DE RÚA CASAS VELLAS		30-11-2018	15-12-2018
PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA FLOR DE LIS		30-11-2018	15-12-2018
PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NAS RÚAS FONMIÑA E PIÑEIRAL		30-11-2018	15-12-2018
PAVIMENTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN URBANIZACIÓN BELLAVISTA		30-11-2018	15-12-2018

Tendo en conta que a Alcaldía do Concello de Lugo con data 9 de novembro de 2018 achega solicitude relativa á inclusión de dúas obras, que se indican de seguido, con cargo aos remanentes producidos na licitación das obras do plan único, toda vez que a obra de Ampliación de rede de saneamento en As Saamasas, resulta de imposible execución.

As obras a incluír con cargo a remanentes son, en vez da anteriormente citada, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións

inicialmente propostas, e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN RÚA DO TEIXO	9.029,67€	0,00€	9.029,67€
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN RUA LIGUSTRO	25.295,50€	0,00€	25.295,50€

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lugo e incluír como investimento financiado con cargo aos remanentes producidos nas adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, as actuacións que deseguido se indica, ao resultar de imposible execución o investimento de ampliación da rede de saneamento en Saamasas, que se pretendía financiar con remanentes, co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou con cargo a remanentes, ou nos acordos de prórrogas de ser o caso. Neste caso na data 14-12-2018, por ter aprobado prórroga para a execución e xustificación.

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN RÚA DO TEIXO	9.029,67€	0,00€	9.029,67€
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN RUA LIGUSTRO	25.295,50€	0,00€	25.295,50€

**2º.-** Dar traslado do presente acordo ao Concello solicitante para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

**7.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE MONDOÑEDO E BARREIROS, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE**



## REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2018 foron aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan. Polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, foi aprobado dito Plan, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Tendo en conta que os concellos de Mondoñedo e Barreiros, achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único de que se indican:

Tendo en conta que o Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
26	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CAMIÑO DO CARAJITO, CAMIÑOS NOS CAMPOS-SAN MIGUEL, MERLIN, REMIOR-ACANTILADO, VILADAIDE, DO SOUTO, DO CABARQUÉS, SAN PEDRO-CTRA DE REMIOR, ACCESO Ó PABELLÓN, CASCABEIRO – A ASPERA, PONTE DE BARRAL –PONTE DE REXA, REXA, DE IGREXA SAN XUSTO A LÍMITE CON LOURENZÁ E ACCESO A PONTE DA BARRANCA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDOS HONORARIOS	21.893,20€

Tendo en conta que por escritos de data 31 de outubro de 2018, o Concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ARRANXO DOS CAMIÑOS DE SAN MIGUEL E DO EDIFICIO LÚA	21.893,03€	0,00€	21.893,03€

O Concello de Mondoñedo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
138	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN A COUBEIRA, GUILLADE, SANTIAGO DE LAMELAS, VILAVERDE, VALIÑO, SANTA MARGARIDA, SAN MARTIÑO, TRONCEDA, ESTELO E SOUTOXOANE,(segundo coordenadas UTM), INCLUÍDOS HONORARIOS	35.514,30€

Tendo en conta que por escrito de data 9 de novembro de 2018, o Concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN PENAMOURA E ESTELO	35.514,30€	0,00€	35.514,30€

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Mondoñedo e Barreiros, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN		FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	ARRANXO DOS CAMIÑOS DE SAN MIGUEL E DO EDIFICIO LÚA	21.893,03€	0,00€	21.893,03€
MONDOÑEDO	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN PENAMOURA E ESTELO	35.514,30€	0,00€	35.514,30€





2º.- Dar traslado do presente acordo aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

### **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MARQUESIÑAS NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO.**

Tendo en conta que esta Deputación Provincial, no exercicio das competencias atribuídas, de conformidade con canto se establece no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas e na redacción dada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pon en marcha o programa: “Dotación de marquesiñas na rede viaria provincial de Lugo”.

O presente programa ten como obxecto o subministro e instalación de marquesiñas na rede provincial de estradas, para que sirvan de apoio para a poboación local e como reforte das infraestruturas da rede provincial sendo elementos funcionais no dominio público da propia vía de comunicación, como “paradas de autobuses” (art. 6.2a Lei 8/2013 de estradas de Galicia).

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos e de Intervención, así como a proposta da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos coa conformidade da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Prestar aprobación do Programa de dotación de marquesiñas na rede viaria provincial de Lugo.

### **9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Paradela coa finalidade común de colaborar na execución zona céspede artificial no campo de fútbol O Gandarón.*

Logo de ver que D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 14 de novembro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autónoma impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, e presuposto para a realización conxunta polo Concello de Paradela e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: “Execución zona céspede artificial no campo de fútbol O Gandarón”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente.

Logo de ver que este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Paradela e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
EXECUCIÓN ZONA CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL O GANDARÓN.	50.593,34€	0,00€
TOTAL	50.593,34€	

O Concello de Paradela achegará os proxectos técnicos e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente Convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza.



Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Paradela, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública cooperativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE PARADELA
2018	50.593,34€	0,00€

Concello de Paradela: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Paradela coa finalidade común de colaborar na realización dos fins comúns de “Execución zona céspede artificial no campo de fútbol O Gandarón”, cun orzamento total de 50.593,34 euros.

**2º.-** Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 50.593,34 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral desta Deputación para a anualidade 2018.

**Segundo.-** *Proposta para aprobar o Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pantón para a execución dos fins comúns consistentes na “Redacción do proxecto de residencia da terceira idade no municipio de Pantón, ano 2018”.*

Logo de ver que D. José Luís Blanco Álvarez, Alcalde do Concello de Pantón achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público), de data 8 de novembro de 2018 ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autónoma impostas polas disposicións

vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo. Aporta memoria para a realización conxunta polo Concello de Pantón e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: “Redacción do proxecto de residencia da terceira idade no municipio de Pantón”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este Convenio.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Pantón e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA PANTÓN
REDACCIÓN DO PROXECTO DE RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE NO MUNICIPIO DE PANTÓN	40.000,00	4.770,00
TOTAL	44.770,00	

O Concello de Pantón financiará a achega comprometida e o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido para a súa correcta execución e terá o deber de adicar aos fins públicos causantes deste Convenio á redacción do proxecto para a construción dun equipamento residencial.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Pantón, da Provincia e da cidadanía en xeral da actuación sinalada establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	PANTÓN
2018	40.000,00€	4.770,00 €



Concello de Pantón: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pantón para a execución dos fins comúns consistentes na “Redacción do proxecto de residencia da terceira idade no municipio de Pantón, ano 2018”, cun orzamento total de 44.770,00 €; a achega da Deputación ascende á contía 40.000,00 €.

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 40.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Entidade para a anualidade 2018.

**Terceiro.-** *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Fundación Xosé Soto de Fión co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Musealización do carro galego e folión de carros” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Fundación Xosé Soto de Fión co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Musealización do carro galego e folión de carros” na anualidade 2018, por importe de 29.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 14.500,00€ con dispensa de garantía, correspondentes á anualidade 2018.

A actuación que se pretende encaixa dentro da 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018, xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e a

conservación da cultura en todas as súas vertentes. O obxecto que se persegue con esta subvención é recuperar, salvagardar, protexer, poñer en valor e dar a coñecer o patrimonio cultural e etnográfico rural da Ribeira Sacra, considerado como un instrumento ou recurso para conseguir o desenvolvemento local de forma integral (económico, social, cultural).

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 29.000,00€ a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Musealización do carro galego e folión de carros”, subvención incluída na 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

**2º.-** Aprobar o gasto de 29.000,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar gastos derivados do proxecto anteriormente amentado.

**3º.-** Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Cuarto.-** *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Criadores de la Raza Porcina Celta (ASOPORCEL) para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Programa de mellora e control do status sanitario nas explotacións de porco celta”, nas anualidades 2018 e 2019.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Criadores de la Raza Porcina Celta (ASOPORCEL), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto “Programa de mellora e control do status sanitario nas explotacións de porco celta”, nas anualidades 2018 e 2019, polo importe total de 39.900,00€, (9.182,70€ para 2018 e 30.717,30€ para 2019)€, co



aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado para cada anualidade, é dicir, 4.591,35€ para 2018 e 15.358,65€ para 2019, con dispensa de garantía.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais. Sendo o obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a profesionalización e o desenvolvemento do sector primario e do medio rural, tratando de conseguindo o abaratamento de custos e aumentando a rendibilidade das explotacións, con especial incidencia do sector porcino da raza de Porco Celta.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 39.900,00€ a favor da entidade Asociación de Criadores de la Raza Porcina Celta (ASOPORCEL), para sufragar os gastos derivados do proxecto “Programa de mellora e control do status sanitario nas explotacións de porco celta”, nas anualidades 2018 e 2019, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandería e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

- Ano 2018: 9.182,70€
- Ano 2019: 30.717,30€.

O importe da anualidade 2019 queda supeditado ao condicionante fixado na cláusula seguinte.

2º.- Aprobar o gasto de 9.182,70€, con cargo ao vixente orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación de Criadores de la Raza Porcina Celta (ASOPORCEL), para sufragar gastos derivados do proxecto anteriormente amentado, e para a anualidade 2019 por importe de 30.717,30€, adoptar o compromiso de incluír no orzamento xeral do 2019 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostenibilidade financeira.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Quinto.-** *Proposta relativa á modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man”.*

Resultando que pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24 de novembro de 2017 foi aprobado o Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man”. Dito Convenio foi asinado o 19 de decembro de 2017.

Resultando que Don José Fernández Fernández, Alcalde do Concello de Navia de Suarna, achega escrito a través do que solicita a ampliación do prazo inicialmente previsto para a execución e xustificación do convenio ata o 15 de decembro de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man”, de tal xeito que a data límite para executar os investimentos e presentar a conta xustificativa quede fixada no 15 de decembro de 2018.





**Sexto.-** *Proposta de aprobación, se procede, da modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2018, relativo á “Proposta para aprobar o Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal”, en canto ao orzamento total estimado.*

Logo de ver que durante a elaboración do estudo económico vinculado aos Pregos de Prescricións Técnicas do contrato administrativo de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, a efectos do artigo 100.2 e 102 da Lei de contratos do Sector Público, observouse o inapropiado de que a contratación puidera ser licitada por 619.380,00 € anuais, xa que os custes reflectidos no estudo económico para alimentación/manutención non darían cuberto as condicións exixidas nos PPT, polo que nos mesmos se reflecten condicións na elaboración dos menús, de adquisición de produtos cunhas calidades mínimas que sería de imposible cumprimento coas aplicacións orzamentarias tidas en conta no estudo.

Por todo elo, e visto o informe de custes vinculados aos PPT e a expediente contractual, estímase un custe anual de 665.280,00€, isto é, un incremento de 45.900,00€.

Por todo elo modificaríase a estimación dos cálculos para o desenvolvemento do Convenio do seguinte xeito:

ESTIMACIÓN ANUALIDADES	CUSTES POR	2018 (imputación)	2019	2020	2021	2022
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN		11.286,73 €	123.796,00 €	125.652,54 €	127.537,33 €	60.291,96 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO		0,00€	98.772,00 €	100.254,27 €	101.758,09 €	48.105,09 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS		0,00€	665.280,00 €	679.259,20€	692.308,90 €	328.309,23€
		11.286,73 €	887.848,00€	905.166,01 €	921.604,32 €	436.706,28 €

Táboa 1. Estimación do gasto do convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financieira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Ribadeo. Dende o 20 de xuño de 2018 ata 20 de xuño de 2022

Esta estimación, coa desviación de gasto propiciada, non implica a modificación do clausulado do Convenio específico aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de data 2 de novembro de 2018 e asinado entre as partes con data 14 de novembro de 2018, posto que reflicten porcentaxes e non contías concretas.

En cambio si se debe modificar o dito acordo de Xunta de Goberno, no referente ao Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, no apartado de 2º relativo á aprobación do gasto, que debe adaptarse a esta modulación nos seguintes termos:

Onde se indicaba: “2º- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 841.948,00 €; Ano 2020: 905.166,01 €; Ano 2021: 867.396,18 €; Ano 2022: 410.052,63 € (ata o 20 de xuño dese ano)”.

Deberá indicarse: “2º- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 887.848,00€; Ano 2020: 905.166,01 €; Ano 2021: 921.604,32 €; Ano 2022: 436.706,28 € (ata o 20 de xuño dese ano)”.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Benestar e Igualdade e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2018, relativo á “Proposta para aprobar o Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal”.

Onde di: **2º.-** Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 841.948,00 €; Ano 2020: 905.166,01 €; Ano 2021: 867.396,18 €; Ano 2022: 410.052,63 € (ata o 20 de xuño dese ano).

Debe dicir: **2º.-** Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 887.848,00€; Ano 2020: 905.166,01 €; Ano 2021: 921.604,32 €; Ano 2022: 436.706,28 € (ata o 20 de xuño dese ano).

**Sétimo.-** *Proposta de aprobación, se procede, da modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2018, relativo á “Proposta para aprobar o Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal”, en canto ao orzamento total estimado.*

Logo de ver que durante a elaboración do estudo económico vinculado aos Pregos de Prescricións técnicas do contrato administrativo de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, a efectos do artigo 100.2 e 102 da Lei de contratos do Sector Público, observouse un cálculo inexacto do incremento do custo das prestacións a contratar a partir do ano 2020, polo que así sería o novo escenario de estimación do gasto:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	2019	2020	2021	2022
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	11.286,73 €	123.796,00 €	125.652,54 €	127.537,33 €	60.291,96 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO	0,00€	94.059,29 €	95.470,58 €	96.902,64 €	45.809,72 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS	0,00€	587.746,00 €	599.562,19 €	612.231,922 €	290.015,97 €
	11.286,73 €	805.601,29 €	820.685,31 €	836.671,89 €	396.117,65 €

Táboa 2. Estimación do gasto de convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financeira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Trabada. Dende o 20 de xuño de 2018 ata 20 de xuño de 2022

Esta nova estimación, coa desviación de gasto propiciada, non implica a modificación do clausulado do Convenio específico aprobado en sesión da Xunta de Goberno de data 2 de novembro de 2018 e asinado entre as partes con data 14 de novembro de 2018, posto que reflicten porcentaxes e non contías concretas. En cambio si se debe modificar o dito acordo de Xunta de Goberno, no referente ao Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, no apartado de 2º relativo á aprobación do gasto, que debe adaptarse a esta modulación nos seguintes termos:

Onde se indicaba: “2º- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsión de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 805.601,29 €; Ano 2020: 817.685,31 €; Ano 2021: 829.950,59; Ano 2022: 392.350,61 € (ata o 20 de xuño dese ano)”.

Deberá indicarse: “2º- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsión de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 805.601,29 €; Ano 2020: 820.685,31 €; Ano 2021: 836.671,89 €; Ano 2022: 396.117,65 € (ata o 20 de xuño dese ano)”.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Benestar Social e Igualdade e de Intervención, así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2018, relativo á “Proposta para aprobar o Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Trabada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal”.

Onde di:

2º- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsión de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:



Ano 2019: 805.601,29 €; Ano 2020: 817.685,31 €; Ano 2021: 829.950,59; Ano 2022: 392.350,61 € (ata o 20 de xuño dese ano).

Debe dicir:

**2º-** Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsión de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución: Ano 2019: 805.601,29 €; Ano 2020: 820.685,31 €; Ano 2021: 836.671,89 €; Ano 2022: 396.117,65 € (ata o 20 de xuño dese ano).

**Oitavo.-** *Proposta de aprobación, se procede, da addenda ao Convenio de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial, o Concello de O Valadouro e a Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz, consistente nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de O Valadouro”, asinado o 28 de marzo de 2018.*

Resultando que o Convenio de Cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial, o Concello de O Valadouro e a Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, consistente nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de O Valadouro”, foi asinado con data de 28 de marzo de 2018.

Logo de ver que a Presidenta da Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz remitiu o 10 de outubro de 2018 escrito no que solicita unha prórroga para dar cumprimento ao establecido na cláusula terceira do Convenio de Cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial, o Concello de O Valadouro e a Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, consistente nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de O Valadouro” remata como máximo o 15 de outubro do presente ano, tal e como se indica en dito Convenio. Debido a que a Xunta non pode realizar a inspección para autorizar o Centro antes desa data e imposible poñer en funcionamento o centro o 30 de outubro tal e como se estipula no Convenio.

Logo de ver que o Alcalde do Concello de O Valadouro presentou escrito con data 16 de novembro de 2018 no que solicita que se conceda unha prórroga do Convenio anteriormente amentado, por non ter autorización da Xunta para levar a cabo a obra.

Tendo en conta os informes dos Servizo de Contratación e Fomento, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Modificar as cláusula terceira e cuarta do Convenio de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial, Concello de O Valadouro e a Asistencia Protectora de Animais Valadouro Alfoz, consistentes nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en cativeiro de ámbito comarcal, situado no Municipio de O Valadouro”, asinado o 28 de marzo de 2018, nos termos da modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia.

## **10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

**2º.-** Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.



### OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Proyecto modificado Nº 1 de: Rehabilitación de firme LU-P-4201 "Pacios (LU-633)-Mosteirovello-LU-611", P.K 0+000 al 0+500, y LU-P-4202"Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", P.K. 0+295 al 2+800, que pasa a denominarse: "Rehabilitación de firme LU-P-4202 "Pacios (LU-633)-Aldosende-Currelos (LU-611)", P.K. 0+295 al 3+450". Ayuntamiento de Paradela.

Contratista: Explotaciones Gallegas, S.L.

### 11.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 184 do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB DE GOLF LUGO	TORNEO DE GOLF DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	862
SOCIEDAD DEPORTIVA SARRIANA	TORNEO FÚTBOL BASE SOCIEDAD DEPORTIVA SARRIANA	592

2º.- Notificar este acordo aos beneficiarios indicándolles que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pódense interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “A COLECCIÓN DE OURIVERÍA ANTIGA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO”.**

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 1993 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Comunicación e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor Dona Aurelia Balseiro García, na cantidade de trinta euros (30,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a de vinte e oito euros con oitenta e cinco céntimos (28,85€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30 por 100).

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “GRUPO DOXA DE FILOSOFÍA”.**

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 1993 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Comunicación e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Filosofía en plural”; a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor Grupo Doxa de filosofía, na cantidade de dez euros (10,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a de nove euros con sesenta e dous céntimos (9,62€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30 por 100).

**14.- PROPOSTA DE ACORDO PARA RESOLVER O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O ACCESO A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO**





**DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL.**

Logo de ver que celebrado o procedemento selectivo para prover catro prazas de Auxiliar Administrativo, do cadro de persoal funcionario desta Deputación Provincial, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal, correspondentes á Oferta de Emprego para os anos 2014 e 2015, cuxa convocatoria, bases xerais e bases específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia número 281 de 9 de decembro de 2016; Vista a proposta do Tribunal Cualificador e que nos expedientes persoais dos aspirantes propostos figura a documentación á que se refire o punto 11.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tendo en conta os informes dos Servizos desta Entidade, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Nomear a Dona María de los Ángeles Santos Santos, Dona Nerea Blanco López e Don Rafael Angulo García, para ocupar tres prazas de Auxiliar Administrativo, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario desta Deputación Provincial, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal correspondentes á OEP 2014 e OEP 2015, ao superar o proceso selectivo.

**2º.-** Deixar deserta unha das prazas convocadas de Auxiliar Administrativo, Escala administración xeral, Subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario desta Deputación Provincial, reservada á promoción interna vertical e/ou horizontal.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL AO OBXECTO DE FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS LABORAIS TEMPORAIS “EN PRÁCTICAS” DE DIVERSAS TITULACIÓN.**

Tendo en conta que o obxecto desta convocatoria é proceder a convocar, con carácter provisional, os procesos selectivos para acceder a empregos mediante a formalización de contratos laborais temporais, baixo a modalidade “en prácticas”.

Características dos empregos obxecto da convocatoria:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A	ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL.	1
TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	GRAO MEDIO FP: TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES.	1

Tendo en conta que a presente convocatoria xustifícase pola vontade desta Deputación Provincial a través do Programa de Primeira Oportunidade de vincular e colaborar coas finalidades formativas e de inserción profesional no mercado laboral dos/as traballadores/as que posúen titulacións académicas e carezan das experiencias no ámbito funcional daquelas; e pola necesidade, urxencia e inaprazabilidade da incorporación de efectivos co obxectivo de mellorar a eficacia e eficiencia do funcionamento das Unidades administrativas anteriormente indicadas, que precisen efectivos coas titulacións académicas que se determinan e que así o motivan nas súas peticións e propostas de persoal, dado que a entidade carece dos suficientes.

Logo de ver o disposto pola normativa de aplicación e que nesta Entidade non existiu nin existen “Listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas”, desta tipoloxía de contidos funcionais e profesionais, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente os empregos que se convocan:

Enxeñeiro/ a Agrónomo/a” (1 efectivo), “Enxeñeiro/a Técnico/a En Topografía” (1 efectivo), “Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural” (1 efectivo), “Técnico/a en



Electromecánica de Vehículos Automóviles” (1 efectivo), regulándose os correspondentes contratos laborais polo artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

Tendo en conta os informes do director da Granxa Provincial, coa conformidade do Sr. Deputado Delegado de Medio Rural, do Servizo de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral “en prácticas” regulado no artigo 11 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, dos seguintes empregos:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A	ENXEÑEIRO/A AGRÓNOMO/A OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA OU TÍTULO DE GRAO EQUIVALENTE.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL.	1
TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	GRAO MEDIO FP: TÉCNICO/A EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES.	1

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán estes procedementos selectivos, estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, en sesión do día 16 de novembro de 2018 polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal baixo a modalidade de “contrato en prácticas”, ao obxecto de prestar servizos a esta Deputación Provincial (cota xeral ou cota de discapacitados), que se publican no BOP número 269, do venres 23 de novembro de 2018.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nos procesos selectivos ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal “en prácticas”, aos devanditos empregos.

## **16.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.**

Logo de ver a solicitude de Dona María de los Ángeles González Machado, Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario, solicitando a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta que dita solicitude foi presentada dentro do prazo establecido e segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Acceder á pretensión da funcionaria, Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles González Machado, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 2 de decembro de 2018 ata o 1 de decembro de 2019.

## **17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 268/2018-J.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 268/2018-J, interposto por Dona Edita Núñez Ramos, fronte á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo desta Deputación de 16 de agosto de 2018, publicada



no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2018; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

#### **18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 286/2018-B.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 286/2018-B, interposto por Dona Sandra Docampo Ramos, fronte á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo desta Deputación publicada no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2018, no referente exclusivamente á valoración de complemento de destino e complemento específico do posto de Xefa de Sección I Xestión e Recadación Voluntaria; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

## **19.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.**

Dáse conta do auto de 31 de outubro de 2018 ditado pola Sec. 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditado no Procedemento: Peza Separada de Medidas Cautelares 4283/2018 Procedemento Ordinario 4283/2018 seguido a instancia de Dona Sonsoles López Izquierdo, Dona Pilar García Porto, D. Lino Rodríguez Ónega, Dona Mayra García Bermúdez, Don Miguel Ángel Sotuela Vega, Don Álvaro Santos Ramos, Don Eduardo Vidal Baamonde e Don Argelio Fernández Queipo, fronte ao acordo do Pleno adoptado en sesión de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o Regulamento Orgánico desta Deputación (B.O.P. núm.170) de Lugo de data 26 de xullo de 2018, a representación procesual dos recorrentes solicitou a medida cautelar de suspensión do acordo de aprobado de dito Regulamento; e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: “Denegar la medida cautelar de suspensión del acuerdo de aprobación del Reglamento Orgánico de la Excm. Diputación Provincial de Lugo publicado el 26 de julio de 2018 solicitada por la parte recurrente”. A Xunta de Goberno queda enterada.

## **22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.